



Parlamento das Letras: María Lado

Publicado o [21/11/2012](#)

Lembro os comezos de María Lado, batallona, enzoufada no cal letrego que espaventaba co líquido fluír cal só saben os de Brens. Eran tempos de afirmación, de presumir de nós, sempre mar por medio e rumbo ás illas.

Ben pronto chegou a primeira visión, a poética do tanteo, a imaxe fulgurante, o verso cortado a cantil. E consubstanciáronse o Atlántico habitado e o cabaret incesante, os defectos do milenio e as mareas negras, a maxia berlinesa e os nove sempre nove, en fin, a delicuescencia irresistible dos amantes.

Pero os de Cee —cumpriría mellor dicir See— son potencia davinciana, así que ben logo apareceron tamén os retos da tradución, o petearar narrativo, as letras para as cancións, os artigos e ensaios breves, a radionovela e, sobre todo, as angueiras actorais e a contacontos-recitadora-performer asombrosa, desconforme, total.

Ultimamente xemelou cun outro portento da creación de noso ben coñecido de todos. En unión bivitelina andan polo país adiante predicando a palabra, ata con hostias en verso se fai falla. E é que esta María de Mallou non ten remedio, comida como anda dos demos da Arte.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O primeiro texto da miña autoría que vin publicado foi nun libro colectivo, froito dun premio literario que gañei cando estaba no instituto e que estaba organizado, creo, polo meu instituto ou por varios da zona. O libro chamábase *Treze* (pero nin sequera o conservo). Só recordo que o premio mo entregou un novísimo Manolo Rivas.

Pouco tempo despois xa foi cando a xente de Letras de Cal me deu a oportunidade de publicar o meu primeiro libro, *A primeira visión*, na súa colección. A verdade é que, cando comecei a escribir, tiven moita sorte porque puiden publicar non só un libro individual moi nova, senón tamén porque publiquei nos libros colectivos do Batallón Literario da Costa da Morte dende moi cedo.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Sempre penso que os meus libros son un pouco “invisibles”, aínda que seguramente é unha percepción miña motivada porque, como a maior parte dos autores galegos, non recibo moita información dos editores sobre os que se venden nin os que non. Hai que engadir a isto que, no meu caso, a maioría dos meus libros están en editoriais pequenas, —agás *Casa atlántica*, *casa cabaret*, publicado en Xerais, que coida moito os autores e ademais ten moita visibilidade—, con

libros ás veces difíciles de atopar nas librerías. Así que adoito pensar que pasan bastante desapercibidos. Porén, cando publiquei *Berlín*, que se repartía coa edición de *El Correo Gallego* e que estivo despois dispoñible na Rede para a descarga de balde, comecei a atoparme con moita xente que o coñecía, así que sempre pensei que era o meu libro máis coñecido, que pasara menos desapercibido para o público. Eu creo que o meu libro máis desapercibido foi en realidade *Nove*, malia que é o meu preferido. A crítica tratouno moi ben, pero para o público é un gran descoñecido.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Teño miles de manías na miña vida cotiá que transmito á hora de escribir. Non podo sentar a escribir se o cuarto no que escribo está desordenado, así que enredo un anaco en recollelo antes de escribir. Ademais, non me gusta escribir en silencio total, polo que adoito poñer a televisión facendo ruído de fondo, sen prestarlle atención, ou a radio. Esa é a razón pola que escribo moito en cafeterías e, especialmente no tren, cando teño que ir a algures. Bebo moito café e auga mentres escribo e leo en voz alta sempre os textos na fase de corrección, mesmo aqueles que non son poesía.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Normalmente figuro ao pé de autores que me son próximos, por estilo, vivencias literarias compartidas e mesmo amizade, e paréceme ben. Gústame aparecer ao carón de xente como aquela coa que compartín o Batallón Literario da Costa da Morte (Estevo e David Creus, Miro Villar, Rafa Villar, Suso Bahamonde, Modesto Fraga...), ou ao carón da xente que facía Letras de Cal e os seus autores publicados (Eduardo Estévez, Yolanda Castaño, Enma Couceiro, Séchu Sende, Olga Novo, Celso Fernández Sanmartín...). Tamén me gustaría aparecer ao carón de Lucía Aldao, porque me gusta moito a súa poesía, e de Diego Cousillas, a quen admiro moito como poeta, ou ao carón de Estíbaliz Espinosa, a quen adoro como poeta.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Igual me engano, porque esta é unha pregunta moi difícil de contestar, posto que é imposible ver a creación dun “dende fóra”, coma un lector inocente ou un crítico obxectivo, pero eu salientaría que, malia manteren o mesmo estilo (esa maneira de escribir miña que xa é marca característica), os meus libros son entre eles moi diferentes e mesmo se podería ver unha evolución duns a outros, unha especie de maduración nos temas e nos enfoques. Tamén salientaría que todos os meus poemarios están artellados de forma unitaria; quero dicir, que non son coleccións de poemas sen ningunha conexión entre si (non son antoloxías dun autor), senón que cada un dos libros responde a un plan e unha organización previas, que moitas veces se poderían chamar fíos narrativos, grazas aos cales o conxunto dos poemas narra unha historia total. Eu, cando menos, trabálloos así, tomando unha historia que quero contar e contándoa a través de cada poema coma se fosen capítulos da mesma.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Debo confesar que non teño autores de cabeceira. Hai centos de escritores aos que admiro, pero varían sempre en función do momento no que me preguntes. Tamén leo máis novela que poesía, e nas novelas é raro que volva sobre unha lectura. Unha das poucas novelas que lin varias veces é *Pedro Páramo*, de Juan Rulfo, e *Ópera de Vígata*, de Andrea Camilleri. No caso da poesía é máis común; volvo moito sobre Sylvia Plath, sobre Gamoneda, Ángel González, Inmaculada

Menjíbar, Al Berto, González Tuñón, Celso Fernández Sanmartín, Paco Souto, un libro en concreto de Elena Medel (*Tara*)... e, en fin, así podería estar citando toda a tarde.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Creo que ten algúns editores de verdade comprometidos coa poesía, pero que lle faltan editores que sexan quen de facer a poesía algo rendible tamén para eles (algo que só se consegue estando nos recitais, porque aí é onde se venden os libros dos poetas). En xeral, creo que lle faltan editores (e tamén distribuidores e, se me apuras, ata libeiros) que centren os seus esforzos só na poesía e, polo tanto, que poidan atender ben as coleccións de lírica.

Sobrar non sei se lle sobra algo. É moi arriscado nestes tempos andar comentando por aí que ao sistema literario galego lle sobra algo...

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Vexo que o meu tempo se me vai sen dar escrito unha novela e iso ponme tristísima. Sigo coa idea de tentalo, pero sempre atopo outras cousas que escribir primeiro, é unha espiña que teño cravada.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Eu fago unha valoración positiva do noso presente literario porque a peor sempre se pode ir, iso seguro. Admito que perdemos moitas cousas que agardo que se poidan recuperar. Perdemos moitos premios que xa non dan sobrevivido ante o interese manifesto das administracións por afundir a nosa cultura, perdemos capacidade para editar e espazo nos medios de comunicación maioritarios, pero tamén seguimos tendo moita creación e creatividade, moita actividade cultural e literaria (ás veces é actividade creada dende pequenas organizacións e mesmo proxectos persoais dos autores, case de resistencia, pero que son esforzos realmente valiosos porque teñen resposta do público e non teñen nada que envexar aos que se fan nos ámbitos doutros sistemas literarios). Non é certo que ao público non lle interese a poesía ou o teatro ou a pintura, só hai que darlle a posibilidade de que os atopen e, unha vez que os atopen, de que os encontren atractivos.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Só desexo darche as grazas por este espazo e este cuestionario, feito con interese, respecto e coñecemento, que se sae do que maiormente adoitan ser as entrevistas a autores (non só novos, senón mesmo a autores consagrados). Porque, na cultura da banalidade á que nos arrastran, atopar sitios así é todo un luxo.